

Os socialistas esixen que a Xunta aclare no Parlamento o “escurantismo” sobre a compra do Castelo de Pambre

O goberno galego mistura a operación cun “estraño baile de cifras” que inclúe “unha inexplicable opción de compra de 800.000 euros e unha subvención de dous millóns de euros” para os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres “que non garanten a súa adquisición”, afirma a deputada Concepción Burgo

Os deputados socialistas veñen de rexistrar no Parlamento preguntas orais en pleno e comisión e preguntas por escrito para esixir que a Xunta aclare “con total transparencia” o “escurantismo” e o “estraño baile de cifras” en torno á suposta compra do Castelo de Pambre, en Palas de Rei, por parte do Goberno galego “cunha inexplicable opción de compra de 800.000 euros e unha subvención de dous millóns de euros por medio” nunha operación total que superaría os cinco millóns de euros. “Estamos a favor da recuperación do patrimonio, pero non entendemos por que se misturan certas cousas co que debera ser unha sinxela operación de compraventa transparente, e queremos que nos expliquen este xeito de proceder, porque pode que a Xunta desembolse 2,8 millóns e o castelo siga a estar en mans privadas”, afirma a deputada autonómica Concepción Burgo.

Así, o presidente Feijóo anunciou o 24 de xaneiro de 2011 un acordo entre a Xunta e os propietarios do castelo, os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, para adquirilo por 5,2 millóns de euros a pagar en quince anos. Durante dous anos nada mais se soubo desta operación, aceptando a Consellería de Cultura en respostas parlamentarias a Concepción Burgo a existencia do acordo cos propietarios e a demora na compra. En 2012, nos orzamentos da Xunta xa aparecían 828.660 euros para a rehabilitación do castelo e 350.000 euros para o pago anual da adquisición. Agora, o presidente Feijóo “volve anunciar de forma sorprendente, e como se fose unha novidade, a compra do castelo para 2013”, e esta vez a través dun convenio entre as consellerías de Cultura e Educación, Traballo e Benestar e Facenda cos Hermanos Misioneros de los Hermanos Pobres que “deixa moitos puntos escuros, semella que de forma consciente, tanto sobre a compra do castelo como sobre as propias condicións do acordo”.

En primeiro lugar, “é necesario que a Xunta explique se o que vai levar adiante é unha compra real do castelo ou unha opción de compra”. De feito, a nota informativa dada polo Goberno de Feijóo fala dunha “opción de compra” que vai custar a nada desprezable cifra de 835.751 €, “o que supón o 27% da cantidade que, afirma o goberno, vai pagar polo castelo de Pambre”. Tamén mantén que vai ter catro anos para decidir se merca o castelo ou non, “polo tanto a compra non está decidida e, de non adquirilo, as arcas públicas perderían 835.751 €, pagados para nada aos propietarios”.

Por outra banda, “é necesario explicar as variacións que se producen sobre o prezo do castelo de Pambre”. A finais do ano 2010, a taxación realizada pola Xunta marcaba un valor de 1,1 millóns de euros, pero en xaneiro de 2011 a mesma Xunta aceptou mercalo por 5,2 millóns de euros “sen dar explicacións sobre este substancial aumento”. Agora o goberno de Feijóo afirma que pagará, en caso de que o adquira, 3.134.068 €. “Non se entende como é



posible que un mesmo ben cambie de prezo tan a miúdo e de forma tan sustancial”, afirma Burgo.

Tamén é difícil de entender, engaden os socialistas, “que a compra do castelo se asocie no mesmo convenio cunha subvención da Consellería de Traballo e Benestar aos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” de 2 millóns de euros. “Lembremos que a compra estaba estipulada en 5,2 millóns, agora pretende rebaixarse a 3,1 millóns pero se se suman os 2 millóns de euros que a Consellería da señora Mato vai dar *gratia et amore* aos Hermanos Misioneros, chegamos ao anterior prezo de compra de 5 millóns de euros. É por tanto posible que estes 2 millóns de subvención a obra social dos propietarios do castelo sexa, de forma encuberta, unha parte do pago pola compra, e iso é, como mínimo, unha fraude”, explica Concepción Burgo.

“Todo isto ten que ser explicado polo presidente Feijóo, porque ao final cabe a posibilidade de que se lles aporte aos propietarios do castelo mais de 800.000 € por nada, a través dunha inexplicable opción de compra, mais unha subvención de 2 millóns de euros e o castelo siga estando en mans privadas”, afirma a socialista. A todo o anterior aínda hai que engadirlle a adxudicación dun proxecto de rehabilitación do castelo pola Consellería de Cultura por un total de 56.640 €, “sobre o que nunca deu as explicacións solicitadas, como tampouco as deu sobre as obras que pensaba poñer en marcha nun ben que non é da súa propiedade nin sabemos si o será no futuro”, conclúe Burgo.

Os socialistas lembran que o Castelo de Pambre foi construído no século XIV por Gonzalo Ozores de Ulloa en Palas de Rei, e é a mellor mostra da arquitectura militar medieval en Galicia tendo a consideración de BIC, e polo tanto “un recurso cultural e turístico de primeira importancia, non só para a provincia de Lugo senón para toda Galicia”, que “debe ser respectado e xestionado dun xeito responsable en beneficio de toda a comunidade”.

Lugo. 3 de febreiro de 2013